



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao desbaldimento de cartos públicos e a falla de transparencia nun contrato que se pretende de promoción turística.

Nun exercicio de transparencia more Feijóo, o goberno galego vén de anunciar a contratación sen publicidade a un descendente dun coñecido cantante contratado na prehistoria do xacobeo, cando imperaba na Xunta de Galicia o vello ministro da ditadura franquista Manuel Fraga Iribarne, para labouras de promoción turística.

O contrato custou á cidadanía galega, mediante un contrato privado coa empresa Universal Music Spain S.L. a cantidade de 302.500 euros para rodar un vídeo no que van aparecer diferentes espazos da nosa terra.

Alégase que semellante exercicio de transparencia fíxose para protexer os dereitos de exclusividade do cantante que segundo o criterio de aplicación práctica da Xunta semellan infinitamente máis importantes que os dereitos da cidadanía á información exhaustiva do que se fai co diñeiro público e mesmo do sacrosanto principio neoliberal da competencia libre non falseada.

Polo antedito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vai cancelar a Xunta esta contratación e pór fin a Xunta ao desbaldimento de cartos públicos en campañas publicitarias da Xunta de Galicia para investir nun turismo sustentable e enraizado nas estruturas produtivas propias do sector en Galicia?



En Compostela, a 11 de febreiro do 2015, aniversario da proclamación da I República.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/02/2015 14:52:23

Anton Sánchez García na data 11/02/2015 14:52:29